
ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA QUE O CONCELLO COLABORE NA RESTAURACIÓN E CONSERVACIÓN DA ANTIGA LOCOMOTORA E VAGÓN

Nas últimas semanas a Asociación Compostelá de Amigos do Ferrocarril retomou as visitas e actividades do seu local social, formado por unha locomotora ALCO 1808 e un vagón de principios do século XX popularmente coñecido como «verderón». Tanto a locomotora como o «verderón» son dúas xoias da historia do ferrocarril en Galicia, aínda máis se temos en conta os contidos que atesouran, cun interesante fondo fotográfico e bibliográfico sobre o ferrocarril e unha maqueta a gran escala, ademais dos dous propios elementos. O vagón foi rehabilitado no ano 1985, durante o primeiro goberno presidido por Xerardo Estévez e sendo Víctor Ferreira concelleiro de Educación, e grazas a un obradoiro de emprego municipal. Posteriormente, e xa con Bugallo de alcalde, no ano 2006, engadíuselle a locomotora.

A locomotora, das primeiras que chegaron a Galicia para trasladar mineral desde Ponferrada, foi adquirida en 1958 por Renfe para por en marcha a nova liña Santiago-Ourense. O «verderón» foi construído pola primeira compañía ferroviaria que funcionou en España, a MZA, e adquirido pola Asociación Amigos do Ferrocarril -que o comprou como chatarra-, procedeuse á súa rehabilitación co apoio das administracións públicas. Actualmente o conxunto consérvase nun moi bo estado no seu interior, mais é precisa unha rehabilitación do exterior do vagón para acondicionar a chapa e pintura que recobren a madeira orixinal.

A principios deste mes, o alcalde realizou unhas declaracións públicas con bastante soberbia e desprezo para o traballo da Asociación así como para a memoria do patrimonio industrial e ferroviario da cidade. Xosé Sánchez Bugallo manifestouse contrario á permanencia destes elementos históricos na explanada da estación intermodal e chegou a afirmar que “non pintan nada” nese lugar, unhas declaracións nas que se ratificou aínda coñecendo as reaccións de malestar ás súas palabras.

Tendo en conta o anterior, e para que se conserven dous elementos fundamentais da memoria de ferroviaria de Santiago, desde o grupo municipal de Compostela Aberta **SOLICITAMOS:**

- **Que o Concello colabore coa Asociación Compostelá de Amigos do Ferrocarril para instar ao Adif e á Fundación dos Ferrocarrís Españóis para a rehabilitación,**

conservación e mantemento do vagón e a locomotora, así como para que sexan catalogados e protexidos como BIC e Patrimonio Industrial Ferroviario.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2021


Marta Lois González



Portavoz do grupo municipal de Compostela Aberta